



Le con atención e despois realiza o Thatquiz

O Thatquiz será o traballo avaliable

A GALICIA CASTREXA

O investigador **Xavier Rodríguez Corral** nos achega a vida cotiá dos castros a través do seu libro **A Galicia Castrexa**.

Dícese que os castrexos poden estar relacionados cos Celtas. Como xa sabemos, os celtas eran tribos feroces e guerreiras que viviron na época prerromana e que se asentaron no norte e no centro da Península Ibérica. En Galicia atopamos un montón de asentamentos castrexos que como xa estudáchedes, eran casas con firma circular e distribuídas de forma desordenada.



CASTRO DE BAROÑA, A CORUÑA

Xavier Rodríguez Corral nos fala sobre a **alimentación** dos celtas en Galicia.

Cultivos

Aquelas xentes cultivaban millo, centeo, verzas, fabas e chícharos. Incluso usaban as ortigas para alimentarse, como tamén as abelás, as noces, moras e arándanos.




Centeo e millo



Ortigas



Abelás



Noces



Moras



Arándanos

Carne

Os castrexos alimentábanse da carne das vacas e dos porcós que eles mesmos criaban. Tiñan tamén ovelas e cabras das que aproveitaban o leite para bebela ou para elaborar queixos.

A casa

As vivendas castrexas non tiñan pechaduras así que se pensa que gardaban os seus tesouros baixo o chan. No centro da casa, o lume daba calor, luz e permitía cociñar. Os celtas cocían os alimentos, os asaban, fritían e facían receitas ao forno. Ademais que para cociñar, o lume eliminaba os insectos, reducía os malos cheires e conservaba a carne.



Á mesa

Os castrexos non tiñan mesas para xantar. Comían e bebían sentados en bancos pegados ás paredes das súas casas. Non usaban tenedor nin coitelo, comían coas mans. Os vasos eran de madeira aínda que despois comezaron a empregar o bronce e a cerámica.